

‘saír á fresca’, o primeiro avance do novo álbum de Fillas de Cassandra, xa está dispoñible nas plataformas

Sara Faro e María SOA lanzan a carta de presentación de ‘Tertúlia’ cun videoclip rodado en Vigo e que conta coa participación de Mireia Oriol, Cristina Iglesias e Antonio Durán ‘Morris’

Con ‘Tertúlia’, que verá a luz en abril, o dúo expande a súa linguaxe creativa e propón un disco rabiosamente contemporáneo

Vigo, 30 de xaneiro de 2026.- Fillas de Cassandra lanza o sinxelo ‘saír á fresca’ e abre as portas da casa para aírear, sen pudor e con decisión, as múltiples formas que adoptará o seu novo álbum, ‘Tertúlia’. O tema, que xa se pode escoitar nas principais plataformas dixitais, conta cun videoclip rodado na súa cidade e no que participan, entre outras persoas, as intérpretes Mireia Oriol, Cris Iglesias e Antonio Durán ‘Morris’.

‘saír á fresca’ é a carta de presentación do álbum que verá a luz no mes de abril e que producen Çantamarta e as propias María SOA e Sara Faro. Este primeiro avance, un **convite aberto a participar da ‘Tertúlia’** (“veña vente que hai tertúlia / non hai présa pero apura”), debuxa, con claridade, o universo do novo disco de Fillas de Cassandra, tanto a nivel musical -cunha importante expansión da súa linguaxe creativa e na que as bases electrónicas tornan en protagonistas absolutas, acompañadas dunha instrumentación orgánica- coma conceptual: trátase dunha proposta **rabiosamente contemporánea e feminista** no discurso e na práctica.

‘Tertúlia’ nace como unha praza aberta, un lugar de reunión, de conflito e de celebración. **Un punto de encontro no que conflúen ritmos híbridos, xéneros e voces diversas.** Neste exercicio de ‘Tertúlia’ que propoñen Sara Faro e María SOA; as voces e o diálogo confúndense, apúranse, crúzanse, compártense. As voces berradas e cantadas toman a palabra e forman comunidade nas pistas coa poética, coa música e coas harmonías corais, fórmula que identifica a Fillas de Cassandra.

Este ‘saír á fresca’, que se pode escoitar desde hoxe, é un avance de todo o que virá, como as primeiras referencias artísticas (**Maruja Mallo, Tamara de Lempicka, Gloria Fuertes** e moitas máis) que inflúen nesta obra. Unha proposta contemporánea,

reflexiva, ambiciosa e vangardista, que acredita a Fillas de Cassandra como a proposta máis destacada da nova escena galega.

O tema acompáñase dun videoclip -dirixido polas propias artistas, Santiago Iglesias e Sergio 'Steel'- rodado en **Vigo**, a súa cidade, o pasado mes de decembro. Unha multitude, na que se recoñecen as intérpretes **Mireia Oriol** ('Soy Nevenka'), **Cris Iglesias** ('Antes de nós', 'Eroski Paraíso') ou **Antonio Durán 'Morris'** ('1936', 'Fariña'), atópase nunha parada de autobús, tal e como anunciaba o teaser lanzado o pasado 15 de xaneiro por Fillas de Cassandra. Comeza unha viaxe de conversas entrelazadas cuxo destino non é outro que 'Tertúlia'.

Escoita 'saír á fresca'

<https://links.altafonte.com/sair-a-fresca>

Videoclip 'saír á fresca' (estrea ás 12h)

<https://www.youtube.com/watch?v=4MOaxe5ESwU>

Kit de prensa 'Tertúlia'

https://cutt.ly/presskit_fdc_tertulia

Contacto de prensa Fillas de Cassandra

Lucía Pita | 675 404 321 lucia@tremendoaudiovisual.com